

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	VALORES SOCIAIS e CÍVICOS	Pág.	
Curso / Ciclo	2º curso de Educación Primaria		
Profesor/a	Carmen Leal Santamaría		

CONTIDOS**FÁGOME MÁIS RESPONSABLE**

- O que son capaz de facer.
- Como melloro grazas á confianza dos demais.
- Canto me queren pola miña forma de ser.
- Todo o que xa fago só.
- Todo o que fago colaborando cos demais.
- Cada vez atrévome a facer máis cousas.
- A educación é un dereito.
- Respecto aos demais, porque todos somos persoas.
- Aprecio as diferenzas.

APRENDO A RELACIONARME

- A comunicación empática e respectuosa.
- A necesidade de falar ordenadamente empregando argumentos e de escoitar.
- Somos capaces de decidir en común.
- Os medios de comunicación e as novas tecnoloxías.
- O respecto aos que son diferentes.
- Portámonos ben na casa.
- A loita contra os prexuízos.

NORMAS, NORMAS e MÁIS NORMAS.

- Portámonos ben no colexio e respectamos o material.
- Somos educados e portámonos ben.
- Traballamos en equipo para lograr obxectivos comúns.
- Portámonos ben na casa.
- Respetamos as normas.
- Coidamos o medio(reciclamos)
- Temos precaución na rúa cos vehículos.

OBXECTIVOS

- Recoñecer as propias cualidades, limitacións e virtudes.
- Desenvolver estratexias para a resolución de problemas na vida cotiá e na escola.
- Valorar a colaboración como medio para conseguir os obxectivos.
- Recoñecer a educación como un dereito e un privilexio.
- Desenvolver estratexias para mellorar a relación coas persoas que nos rodean.
- Recoñecer que as diferenzas persoais poden ser enriquecedoras e

aproveitalas na aprendizaxe.

- Aprender algunhas normas de conduta social e moral que poden ser útiles no presente e no futuro.
- Aprender, recordar e recoñecer as normas de conduta máis importantes.
- Fomentar a preocupación por conservar os materiais o mellor posible, así como polo medio.
- Coñecer e asumir as responsabilidades que lles corresponden aos nenos tanto no colexio como no fogar o una rúa.
- Aprender os aspectos beneficiosos que ten o feito de que cada cal cumpra coas súas obrigas.

Ao longo do curso , tamén faremos referencia aos valores que a continuación se recollen:

- Reflexionar sobre as diferenzas entre as persoas relacionandoo con aspectos positivos e interiorizando o valor da IGUALDADE.
- Interiorizar o valor da SOLIDARIEDADE tendo en conta as necesidades dalgunhas persoas con poucos recursos.
- Experimentar o valor da AMIZADE e interiorizar comportamentos imprescindibles para as relacións de amizade.
- Recoñecer que as persoas precisamos axuda unhas das outras e relacionalo co valor da GRATITUDE.
- Apreciar a NATUREZA e desenvolver actitudes de respecto e coidado.
- Desenvolver valores básicos de relación coas persoas que nos rodean e relacionalos coa LEDICIA.
- Reflexionar sobre o noso tempo de lecer e organizalo con tarefas saudables e enriquecedoras.
- Amosar interese polo traballo.

METODOLOXÍA

Pártese de dúas estratexias metodolóxicas básicas: o desenvolvemento en espiral e a globalización.

Dotaranse os contidos dun enfoque integrador. Son aprendizaxes funcionais, potenciando a autonomía dos alumnos e favorecendo unha aprendizaxe cooperativa.

Partese de plantexamentos de situacións e realidades para que os alumnos/as as interioricen e dende unha participación activa eles den solucións a problemas que se lles plantexen.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Valorarei os seguintes aspectos:

- Respetar as normas e ás persoas
- Amosa interese e esforzo
- É responsable co traballo
- Esfórzase na realización das tarefas.
- Interiorización dos valores traballados.
- Captación das diversas necesidades ante as diversas situacións.

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

- **Expresar interese polos temas traballados**
- **Atopar solucións positivas ante os problemas.**